

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10202-113

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS NO PROCEDEMENTO

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 19 de xaneiro de 2024, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto do suministro de conmutadores para a rede de datos municipal (10202-113).

Segundo.- O 26 de xaneiro de 2024 publicouse o anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións aos pregos nas datas 29 e 30 de xaneiro e 5 de febreiro de 2024, dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- ("*As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través do Rexistro xeral, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas*").

Cuarto.- Con datas do 1 e 14 de febreiro de 2024 o técnico responsable de seguridade informática emitiu informe en relación coas aclaracións solicitadas.

II.- ACLARACIÓNS

Reprodúcense a continuación as aclaracións solicitadas e as súas respostas, de conformidade co informado polo técnico responsable de seguridade informática.

- Pregunta 1:

"*Buenas tardes. En la página 6 del Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, se indican las características técnicas de los equipos para el Edificio Concello e Edificio Xerencia. ¿Los puertos de stack son adicionales a los 4 uplinks solicitados? ¿Es necesario que los puertos de stack sean SFP+? ¿Se pueden incluir equipos con puertos de stack con factor de forma diferente?*"

- Resposta 1:

"- *Os portos de STACK son adicionais aos 4 portos de UPLINK solicitados.*

- *Non é requisito obrigatorio que os portos de STACK sexan SFP+. As capacidades de*



stacking serán valoradas segundo se indica no prego de cláusulas administrativas, nos criterios avaliados mediante xuízo de valor dentro das características técnicas da solución ofertada."

- Pregunta 2:

"En el punto 6 del PPT se indica: 6. Garantía. Resolución de incidencias y averías relacionadas con el sistema, considerando lo siguiente: Dos niveles de resolución de incidencias LAN: - Menos de 24 horas desde su comunicación a la sede del CPD: Nodo Central y CPD: Servidores (RMA). - Menos de 48 horas para la sustitución de switches de acceso en el resto de ubicaciones (RMA). La consulta que necesitamos trasladar es si es necesario realizar la sustitución del equipo in situ en el caso de avería o es a través de RMA mediante envío del equipo.

- Resposta 2:

"Dentro do ALCANCE, apartado 3, detállase que: "O tipo de contrato é "chave en man" que garanta a correcta instalación e posta en marcha de todo o equipamento fornecido, de xeito que a empresa adxudicataria realizará todas as tarefas necesarias para o correcto funcionamento da nova rede de switches municipal" polo que no caso de aplicación da garantía por avaría que implique a substitución dun equipo a empresa adxudicataria deberá levar a cabo todas as tarefas precisas como instalación "in situ", configuración e conexión a rede."

III.- ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023.

IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

- **"Aprobar as respostas ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto para a contratación do subministro de conmutadores para a rede de datos municipal (10202-113).**
- **Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".**

A técnica de Administración Xeral (sinatura dixital)

A xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/02/2024 14:34	Páxina 2 de 3
10202-113	CSV: A4AC47-A1DC83-D354B4-JCT5RU-SZB881-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10202-113

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal
(Acordo de delegación competencial de data 22 de xuño de 2023) (sinatura dixital)

Dou fe, a secretaria do Goberno Local (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/02/2024 14:34	Páxina 3 de 3
10202-113	CSV: A4AC47-A1DC83-D354B4-JCT5RU-SZB881-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		